

PLAN DE ORIENTACIÓN

ORIENTADORA: MARÍA INÉS DOSIL OTERO

CURSO: 2023– 2024

C.P.I. DE BEMBIBRE

VAL DO DUBRA

A CORUÑA

ÍNDICE PLAN D.O.:	Páxina
1. Introducción e Contextualización	3
1.1. Alumnado e tipo de estudos que oferta o centro	4
1.2. Estrutura organizativa	4
2. Obxectivos	5
2.1. Co Centro	5
2.2. Co alumnado	5
2.3. Co profesorado	5
2.4. Con outras institucións	6
2.5. Cos pais	6
3. Planificación xeral e definición de accións prioritarias	6
3.1. Accións relacionadas coa inclusión e a diversidade	6
3.2. Accións relacionadas co Plan de Acción Titorial	8
3.3. Accións relacionadas co Plan de Orientación	9
Académica – Profesional	
4. Estratexias de intervención para ensino presencial e non presencial	10
5. Criterios de avaliación	11
6. Anexos:	12
6.1. Programación pedagogía terapéutica de E.S.O.	13
6.2. Programación de audición e linguaxe	20
6.3. Programación pedagogía terapéutica de E.P.	37

PLAN DE ORIENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento de Orientación do CPI DE Bembibre - Val do Dubra (A Coruña) foi creado ao abeiro do Decreto 120/1998 de 23 de Abril de 1998, (DOG 27/4/98) polo que se regula a Orientación Académica e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo primeiro sinala: “Nos institutos de educación secundaria créase un D.O. que abranguerá no seu plan de actuación as escolas de educación infantil, os colexios de infantil e primaria e os de educación primaria adscritos a el”.

Así mesmo na Orden de 24 de Xullo de 1998 (DOG 31/7/98) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no capítulo primeiro, artigos 1 e 2, dispónse que nestes centros “créase un D.O. que abranguerá no seu ámbito de actuación, ademais do propio centro, aqueloutros centros incompletos da mesma zona de escolarización, e que estará coordinado por un mestre/a responsable da orientación que exercerá as súas funcións como xefe/a do dito departamento”.

O C.P.I. de Bembibre abrangue todo o ensino obrigatorio coas respectivas etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria, sendo o único destas características no concello do Val do Dubra.

Con respecto ao alumnado que asiste ao centro cumpre sinalar que son rapaces procedentes do ámbito rural do propio concello e de zonas rurais doutros concellos limítrofes.

O D.O. do CPI de Bembibre pónse en marcha no ano académico 1999/2000, que abrangue tamén ao **Centro Adscrito**: CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, de Portomouro, que conta coas etapas de educación infantil e educación primaria.

O D.O. está composto por:

- A Orientadora e Xefa do Departamento.
- A mestra de Pedagogía Terapéutica de Educación Primaria.
- A mestra de Pedagogía Terapéutica de Educación Secundaria.
- A mestra de Audición e Linguaxe (comparte co centro adscrito C.E.I.P.Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, de Portomouro).
- O responsable da orientación do “C.E.I.P. plurilingüe Xacinto Amigo Lera” de Portomouro.

A reunión mensual acordarase segundo as preferencias dos diferentes membros do Departamento.

A xefa do D.O. reservará un día a semana (a mañá dos venres) para desprazarse ao centro adscrito cando a demanda do mesmo así o esixa,

cando isto non sexa así, dedicará este tempo a desenvolver as súas funcións no C.P.I. de Bembibre.

1.1. ALUMNADO E TIPO DE ESTUDOS QUE OFERTA O CENTRO:

No CPI de Bembibre o número de alumnos matriculados este curso son 266 alumnos/as, repartidos entre as seguintes etapas:

- 1.) Educación Infantil 2º ciclo : 3 , 4 e 5 anos.
- 2.) Educación Primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos.
- 3.) Educación Secundaria Obrigatoria: 1º, 2º, 3º e 4º cursos.

1.2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA:

Órganos de goberno:

- Unipersoais:
 - Director
 - Xefe de estudos de Educación Primaria
 - Xefa de estudos de E.S.O.
 - Secretaria
- Colexiados:
 - Claustro
 - Consello Escolar
 - Comisión de Coordinación Pedagóxica
 - Comisión de Convivencia.
- Coordinación docente:
 - Departamentos
 - Equipo de normalización lingüística.
 - Coordinadores de ciclos de Infantil e Primaria.
 - Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
 - Coordinadora de benestar emocional.

2. OBXECTIVOS:

2.1. CO CENTRO:

- Colaborar co Centro na elaboración de documentación necesaria para o desenvolvemento e intervención educativa: A.C., plans específicos personalizados, programas de recuperación e reforzo,...
- Elaborar dacordo coas directrices da C.C.P., as propostas da organización da orientación.
- Contribuír a que a avaliación se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora.
- Participar nas sesións de avaliación.

2.2. CO ALUMNADO:

- Colaborar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe e organizar as intervencións para remedialas.
- Participar no diagnóstico, deseño e aplicación de programas individuais de recuperación e reforzo., A.C., Programas específicos personalizados.
- Participar no desenvolvemento e implementación de protocolos.
- Proporcionar información e orientación académica e profesional.
- Atender as diferentes demandas de intervención persoal.

2.3. CO PROFESORADO:

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico en actividades de orientación e tutoría.
- Impulsar a participación do profesorado nas diferentes actividades do P.A.T.
- Informar das características persoais e académicas do alumnado que chega a 1º da E.S.O., así como daqueles outros con diversa problemática persoal e/ou escolar.
- Informar das características psicopedagóxicas de alumnos con C.N.E.A.E/NEE.
- Asesorar e participar na realización de A.C. e nos diferentes Plans e Programas.

2.4. CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Solicitar asesoramento e colaboración ao Equipo de Orientación Específico da Provincia e a Inspección Educativa.
- Colaborar no desenvolvemento de actividades e programas de intervención con: Servizos Sociais, Unidade de Atención Temperá, Centro de Saúde, e outros organismos sen ánimo de lucro.
- Colaborar e solicitar información para a orientación académica e profesional a diferentes institucións.

2.5. COS PAIS:

- Atender aos pais directamente, tanto por propia iniciativa como a petición do D.O. e/ou equipo docente.
- Transmisión de información de diversa índole que afecte que afecte aos seus fillos/as.
- Solicitar a súa colaboración en actividades realizadas dende o D.O. en particular e dende o Centro en xeral.
- Motivar aos pais para a súa implicación no desenvolvemento do hábito de estudo e no traballo persoal dos seus fillos.

3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

No presente curso, este Departamento de Orientación priorizou as seguintes actuacións:

3.1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade (Plan de Apoio ao Proceso de ensino aprendizaxe):

Atención á diversidade: identificación temperá das necesidades educativas, revisión e modificación das medidas de apoio; realizar a intervención na área comunicativa lingüística e pedagóxica por parte das especialistas en audición e linguaxe e en pedagogía terapéutica con aqueles alumnos avaliados e diagnosticados, e asesorar e colaborar co profesorado nas diferentes medidas de atención á diversidade.

Coordinación coa Unidade de Atención Temperá do Concello. A finalidade deste servizo é realizar intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e ao seu contorno, é darlle resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que poidan presentar os/as nenos/as con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos.

Dado que a meirande parte das familias carecen de medios para poder dispoñer de ditos recursos fóra do horario lectivo (*económicos, xornada laboral dos pais, medio de transporte,...*), realízanse as intervencións naqueles momentos que menos poidan prexudicar o desenvolvemento persoal e académico do alumnado,

e que pola contra, a estimulación que reciben en dita unidade repercute positivamente no seu desenvolvemento cognitivo, persoal e social.

En caso de non asistencia ao centro por motivos de saúde, os membros do D.O. e profesores/titores dos alumnos que teñen AC/RE estarán en contacto a través de diferentes medios (telefónicos, telemáticos,...) para o asesoramento, elaboración das medidas extraordinarias, explicación e corrección de actividades propostas para este alumnado.

Paso a expoñer de forma esquemática as principais accións referentes ao plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe:

ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN
- Identificación temperá das necesidades educativas, elaboración e revisión de avaliacións da s comunicativa lingüística e informes psicopedagóxicos.	Todo o curso
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, dos programas de recuperación e programas específicos personalizados.	Todo o curso
- Establecer unha boa coordinación e comunicación cos titores e profesores dos alumnos con NEAE/NEE para que o proceso de ensino-aprendizaxe estea acorde coas súas necesidades.	Todo o curso
- Reunións semanais coas Profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe para realizar o seguimento e coordinación da intervención cos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.	Todo o curso
- Coordinación coa Educadora Familiar e con Servizos Sociais en relación ao alumnado escolarizado no centro.	Todo o curso
- Colaborar no proceso de selección e avaliación do alumnado susceptibles de se incorporar á Formación Profesional Básica,...	3º trimestre
- Entrevistas individuais cos alumnos e coas familias solicitando e achegando información, así como implicalos no proceso educativo dos seus fillos.	Todo o curso

- Solicitude por escrito da autorización por parte da familia á hora de que un alumno sexa obxecto dunha medida específica de atención á diversidade extraordinaria.	Todo o curso
- Elaboración e desenvolvemento de Programas específicos de intervención ante a presenza de determinadas dificultades.	Todo o curso
- Colaborar e asesorar nos procesos de avaliación así como nos proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.	Todo o curso

3.2. Accións relacionadas co Plan de Acción Titorial

Colaboración na elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial, para favorecer unha educación de calidade.

Os contidos do P.A.T. están organizados en catro grandes bloques; para o seu desenvolvemento e colaborarase co profesorado titor informándoos e asesorándoos na elaboración de actividades e na súa implementación:

a) Acoller e integrar:.

- Acoller ao alumnado de nova incorporación ao Centro, amosándolle as instalacións e o seu funcionamento.
- Favorecer a integración e participación dos alumnos/as no grupo-clase e no centro en xeral.
- Favorecer a integración e participación de todo o alumnado do centro nas diferentes actividades propostas, evitando actitudes que non favorezan a integración e relación entre iguais.

Temporalización: Todo o curso.

b) **Ensinar a convivir, a comportarse e a ser persoa:** propiciar nos alumnos a capacidade de adaptación social e escolar.

Priorizaranse contidos relacionados coa educación para a saúde, así como todo o relacionado con habilidades sociais e relacións sociais, autoestima e resolución de conflitos, hábitos de estudo, e dinámicas de grupos.

Asemade, dende o D.O. tamén se colaborará cos titores e coa xefa de estudos na mediación para a solución de posibles conflitos interpersoais.

A parte de traballar estes contidos nas titorías tamén está previsto realizar diferentes actividades puntuais

A parte de traballar estes contidos nas titorías tamén está previsto realizar diferentes actividades puntuais:

- Obradoiros e charlas informativas de educación afectivo sexual tanto para o alumnado do último ciclo de E.P. como para o alumnado da ESO, co asesoramento e colaboración por parte da matrona do Centro de Saúde do Concello de Val do Dubra.
- Asistencia á obra teatral “O pequeno poni” co alumnado de 1º e 2º da ESO, promovida pola Coordinadora de benestar e convivencia e o departamento de Orientación.
- Obradoiros para os grupos de 3º de ESO sobre a Imaxe corporal e a autoestima, uso seguro e responsable das contornas virtuais, convivencia e relacións sociais. Serán impartidos por profesionais do centro Quérote+, dependente da Consellería de Política Social e xuventude.
- Implementación por parte de profesionais da consellería de Educación do programa educativo “Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais”, solicitado para o alumnado de 4º da ESO.
- Así como aquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso, en función das demandas e necesidades que se vaian detectando.

A temporalización da mirande parte destes obradoiros e actividades vai ser no 1º e 2º trimestres (datas pendentes de confirmación).

- c) Ensinar a pensar:** Fomentar o coñecemento e utilización das técnica e hábitos de estudo, mellorando e axudándolle no seu proceso de aprendizaxe.

Temporalización: Primeiro e segundo trimestres.

- d) Aprender a informarse, a coñecerse e a tomar decisións:** Favorecer a orientación académica e profesional e instruílos no coñecemento de estudos posteriores e na toma de decisións.

Orientación e apoio tanto ao alumnado como ás súas familias para a realización dunha toma de decisións académico-profesionais responsables, proporcionando todo tipo de información e asesoramento tanto sobre a educación formal como non formal para favorecer unha futura integración no mercado laboral. Toda a información estará na aula virtual.

3.3. Accións relacionadas co Plan de Orientación Académica Profesional:

As actividades que se van realizar están concretadas no Plan e céntrase principalmente en:

- Adquirir destrezas cognitivas e habilidades necesarias para saber elixir ante as diferentes opcións académicas e/ou profesionais.

- Axudar a coñecer e a analizar o mundo académico e profesional, e o que un é e desexa ser.
- Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.
- Facilitar a información demandada na aplicación informática *drdorienta*.

O Programa de actividades de Información e Orientación Académico Profesional vai ser desenvolvido pola Xefa do Departamento de Orientación, en colaboración co titor de 4º da ESO (aínda que tamén se van desenvolver parte destas actividades en 2º e 3º da ESO); este Programa está directamente relacionado co PAT, e mais concretamente co último bloque de contidos: “Aprender a informarse, a coñecerse e a tomar decisións”. Toda a información estará na aula virtual.

Dentro deste Plan, intentarase na medida en que as condicións sanitarias o permitan, retomar unha actividade complementaria:

Visita ao CIFP Compostela e CIFP Politécnico de Santiago:

- **OBXECTIVOS:**
 - Axudar a coñecer e a analizar o mundo académico e profesional, e o que un é e desexa ser.
 - Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.
 - Destinatarios: alumnado de 4º da ESO.
 - Temporalización: 2º trimestre.

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN PARA ENSINO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL:

O modelo de intervención que se vai facer dende o D.O. vai ser por programas, pero tamén vai haber intervencións por servizos e consulta, tanto por parte do profesorado solicitando asesoramento sobre a intervención con determinados alumnos con dificultades de aprendizaxe, como unha demanda de servizos por parte dos pais e dos alumnos, referente a calquera tipo de asesoramento ou intervención tanto de índole académica como de orientación profesional ou persoal.

En caso de que as circunstancias así o requiran e non sempre poida ser un ensino presencial, o tipo de intervencións e consultas realizaranse a través do foro de novas da aula virtual, por correo electrónico, tockapp ou por vía telefónica.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Para a avaliación do Plan, empregaremos toda a información e experiencias aportadas polos membros do Departamento de Orientación, profesores, pais e alumnos; para iso empregaremos diferentes instrumentos de avaliación:

- Comunicaci3ns verbais.
- Cuestionarios.
- Entrevistas.

O principal criterio de avaliaci3n, ser3 valorar a adecuaci3n do Plan 3s necesidades dos destinatarios, avaliando: obxectivos, actividades, temporalizaci3n das mesmas, recursos empregados, etc.

Asdo.: A Xefa de Departamento

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a horizontal line at the bottom, representing the name Mª Inés Dosil Otero.

Mª Inés Dosil Otero

6. ANEXOS:

- **6.1 PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA DE E.S.O.**

- **6.2 PROGRAMACIÓN DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.**

- **6.3 PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA SECUNDARIA

CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1.Introdución

2.Contextualización

3.Alumnado

4.Obxectivos xerais

5.Competencias clave

6.Contidos

7.Estratexias metodolóxicas

8.Horario e agrupamentos

9.Actividades

10.Recursos

11.Temporalización

12. Avaliación e seguimento

1. INTRODUCCIÓN

Para elaborar esta programación partimos dos principios básicos de calidade da educación para todo o alumnado; a equidade: garante da igualdade de oportunidades, a inclusión e a interculturalidade; a transmisión e posta en práctica de valores; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade do alumnado; a educación para a prevención de conflitos e resolución pacífica; o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades.

Á hora da nosa práctica docente teremos en conta o establecido nos documentos elaborados no centro no relativo a atención á diversidade así como a lexislación vixente.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O desenvolvemento desta programación lévase a cabo nun CPI situado nunha zona de ámbito rural na localidade de Bembibre, concello de Val do Dubra. Cunha poboación duns 5000 habitantes.

Neste centro impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

A lingua materna é maioritariamente o galego.

3. ALUMNADO

Con carácter xeral a miña actuación centrarase na atención e deseño da resposta educativa aos Alumnos con Necesidade Específica de Apoio Educativo, principalmente nas áreas instrumentais básicas (linguas e matemáticas).

Partimos das características e necesidades do alumnado para elaborar unha resposta educativa adaptada ás mesmas.

O alumnado que recibirá apoio por parte da mestra de PT no presente curso académico seleccionouse a partir da información aportada pola orientadora, dos resultados da avaliación inicial así como da información aportada polo profesorado que lle dou clase en anos anteriores.

En principio **os alumnos que van a recibir apoio son os seguintes:**

Catro alumnos de 1º de ESO, dous con dificultades de aprendizaxe, unha alumna de incorporación tardía ao sistema educativo que repite curso debido ao desfase curricular que presenta e unha alumna en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

Seis alumnos de 2º de ESO catro con dificultades de aprendizaxe e dous de incorporación tardía ao sistema educativo, unha delas en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

Dous alumnos de 3º de ESO, con adaptación curricular significativa nas linguas, matemáticas e inglés.

O alumnado atendido poderá variar ao longo do curso en función da evolución académica tanto dos que están propostos para reforzo coma das dificultades que poidan xurdir no resto de alumnado do centro.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos que se pretenden conseguir a nivel xeral son:

- Fomentar o desenvolvemento e adquisición das Competencias Clave.
- Aumentar a autonomía e responsabilidade.
- Desenvolver a linguaxe, para que sirva como medio de aprendizaxe e integración social.
- Conseguir o dominio das técnicas instrumentais básicas.
- Acadar a integración de cada alumno/a nas actividades escolares e extraescolares do centro, co máximo rendemento en función das súas necesidades.
- Establecer unha boa coordinación cos titores e profesores das distintas áreas (sobre todo as instrumentais) para que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos teña continuidade.
- Mellorar o autoconceito e autoestima dos alumnos.
- Crear mecanismos de comunicación entre o profesorado e alumnado, profesorado e familias e alumnado entre si para que haxa un seguimento dos alumnos/as, comentar avances coa familia e manter as relacións sociais esenciais para o seu benestar psicolóxico e emocional.

Ademais destes obxectivos de carácter xeral procurarase a consecución dos obxectivos específicos, sobre todo nas áreas instrumentais, para cada alumno/a, reflectidos na correspondente programación de área para o alumnado con reforzo educativo e os establecidos na súa adaptación, no caso dos que contan con adaptación curricular.

Tamén se traballarán técnicas de estudo como a realización de resumos, esquemas e mapas conceptuais.

En definitiva atenderemos ao seu desenvolvemento curricular e a todo o que facilite o seu desenvolvemento social e emocional.

5. COMPETENCIAS CLAVE

Proporcionaremos o apoio necesario para fomentar o máximo desenvolvemento educativo, persoal e social do alumnado. Con tal fin priorizaremos os contidos máis significativos e funcionais para desenvolverse na súa vida cotiá; fomentaremos a motivación, a atención individualizada, a coordinación docente etc.

6. CONTIDOS

Precisaremos e priorizaremos claramente os contidos mínimos do currículo, os máis funcionais e imprescindibles para as aprendizaxes posteriores e que contribuirán ao desenvolvemento das capacidades xerais. Os contidos serán os establecidos na programación de área no caso do alumnado con reforzo educativo e os establecidos na súa adaptación para os alumnos con adaptación curricular.

Destacar de forma resumida os seguintes:

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
2. Produción de textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico (debates, coloquios, conferencias, presentacións, recitados, actividades complementarias, proxectos interdisciplinares...) e non académico.
4. Detección do tema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas e resumos.
5. Lectura en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
7. Respecto polas normas ortográficas. Ampliación de vocabulario.
8. Cálculo operativo.
9. Resolución de problemas.
10. Uso das TIC.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A actuación educativa partirá sempre do nivel de competencia curricular do alumno/a, valorando as súas capacidades e ritmo de aprendizaxe así como a súa realidade persoal e social tratando de lograr a maior motivación, respectando os seus intereses e necesidades educativas. Actuaremos como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais.

Dentro da metodoloxía consideraremos as culturas da diversidade, inclusión, coordinación, participación, colaboración, tecnoloxía, innovación, avaliación, da recuperación e relación co entorno e outras institucións.

Polo que respecta ás estratexias metodolóxicas:

- Reforzaremos positivamente as aprendizaxes adquiridas.
- Individualización da ensinanza para axustar a resposta educativa ás súas necesidades e características.
- Utilizaremos estratexias de traballo colaborativo tales como titoría entre iguais, aprendizaxe cooperativa.
- Deseñaremos actividades que teñan diferentes grados de execución.
- Xeneralización das aprendizaxes: experimentación, verbalización e simbolización.

8. HORARIO E AGRUPAMENTO

En canto aos HORARIOS e agrupamentos dos alumnos/as, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Compatibilizar o horario dos apoios cos das aulas nas que están integrados os alumnos.
- Cando o nivel de competencia do alumnado o permita, os apoios poderán ser grupais co fin de rendibilizar tempo e esforzo.
- Os agrupamentos oscilan entre dous alumnos/as e seis.
- Establecer o tempo de apoio de cada alumno en función das necesidades dos mesmos.

9. ACTIVIDADES

As actividades a realizar co alumnado son as mesmas que as do grupo clase reforzando as aprendizaxes con actividades de repaso e apoio. No caso dos alumnos con adaptación curricular as actividades estarán adaptadas ao seu nivel de competencia curricular e a os obxectivos e contidos que estamos a traballar.

10. RECURSOS

Utilizaremos os mesmos recursos ca os compañeiros que combinaremos con materiais adaptados (libros, fichas...), recursos informáticos (programas, páxinas web...).

-Recursos organizativos

Para a atención ao alumnado teranse en conta os seguintes criterios:

- -Atenderase ó alumnado que así o aconselle o informe psicopedagóxico.
- -Atenderase aos alumnos/as que posúan adaptación curricular.
- -Continuarase cos apoios realizados no curso anterior.
- -Priorizarase o apoio ó alumnado dos cursos máis baixos.

11. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación desenvolverase ao longo dun curso académico. As actuacións a desenvolver nos diferentes trimestres son:

No primeiro trimestre:

- Revisión dos documentos do centro (PE, concrecións curriculares, PA...) incidindo nas medidas de atención á diversidade.
- Revisión e análise do historial académico, informes psicopedagóxicos, memoria do curso anterior, etc.
- Reunións coa orientadora para coordinar e organizar a resposta educativo ao alumnado con necesidade de apoio educativo.
- Valoración/avaliación inicial dos alumnos para determinar o NCC.

No segundo trimestre:

- Avaliación e seguimento dos ANEAE xunto co profesorado implicado.
- Reunións de avaliación trimestrais.
- Autoavaliación da nosa actuación e os avances e dificultades dos alumnos os que atendemos directamente.

No terceiro trimestre:

- Avaliación continua e final do alumnado.
- Reunións de avaliación trimestrais.
- Revisión das medidas de apoio para tomar decisións en relación ó curso seguinte.
- Elaboración dos informes finais e memoria e establecer propostas de mellora.

12. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

No comezo de curso faise unha avaliación inicial a cada alumno para coñecer o nivel de competencia curricular e que servirá de punto de partida no seu proceso de apoio.

Ao longo do curso farase unha avaliación continua e formativa, non só para coñecer-la evolución dos alumnos, senón tamén para ve-la adecuación ou non das intervencións.

A avaliación continua realizarase mediante a observación personalizada, probas específicas e a través do traballo persoal do alumno. Trimestralmente informarase nas sesións de avaliación do progreso dos alumnos.

Elaborarase un informe final, establecendo o nivel de desenvolvemento logrado ao acabar o curso.

O seguimento realizarase a través de reunións periódicas cos titores e especialistas de área así coma nas sesións de avaliación dos grupos con alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

A PROFESORA DE PT:

M^a Elena Blanco Botana

PROGRAMACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE

2023/2024

Cristina Sanín Míguez.

Corpo 597-Mestres

Especialidade 597037

INDICE

Xustificación	22
Contextualización	22
Necesidades do centro	23
Vinculación dos obxectivos coas competencias clave	23
Competencia Clave	25
Actividades	26
Metodoloxía	27
Principios de intervención (estratexias e técnicas)	28
Recursos materiais	30
Temporalización	32
Avaliación	33
Lexislación a ter en conta	34

1. XUSTIFICACIÓN:

O sistema educativo asume a misión de posibilitar que todos e cada un dos cidadáns desenvolvan ó máximo ás súas potencialidades e elaboren un proxecto de vida persoal que poida transcender, se é o caso, condicionantes de partida desfavorables.

Este proceso abranguerá a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presenta.

A miña intervención como mestra especialista en audición e linguaxe vai dirixida aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e basease nos principios e fins recollidos na lexislación vixente.

Tendo en conta a importancia da linguaxe como medio de comunicación e representación, estreitamente vinculado ao coñecemento e pensamento, que nos axuda a regular a nosa propia conduta e a allea, dende a aula de A.L. intentárase rehabilitar a linguaxe e a fala cando sufran perturbacións, alteracións ou trastornos para que non impidan a comunicación e expresión de ideas e sentimentos.

Neste ano escolar 2023-2024 tentarase cubrir cos apoios oportunos as necesidades tanto permanentes como transitorias que presentan os nosos alumnos e alumnas.

Para levar a cabo o traballo recollerase a información acerca das distintas variables, relativas tanto ao alumnado como ao contexto. A devandita información será recollida da avaliación psicopedagóxica, comunicativa ou inicial en función da situación, e as orientacións aportadas pola orientadora, da entrevista cas familias e titores, da propia observación directa e de exercicios realizados por min.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

A programación á que fai referencia este documento está dirixida ao alumnado que cursa Educación Infantil e Educación Primaria nos centros: CPI de Bembibre (centro Base) e do CEIP Xacinto Amigo Lera (centro itinerante onde cumpro coas miñas labores docentes de luns a xoves dende as 9.30 ate as 10.30 horas, a excepción do xoves que remato as labores nese centro ás 10.00). Cabe destacar, que como se poderá observar o longo deste documento, a miña presenza como especialista de Audición e Linguaxe é insuficiente en ámbolos dous centros, existindo alumnado sen sesión de AL, aglutinando patoloxías e diferentes graos de consecución ou inclusive reducindo números de sesións.

Estes centros están situados no municipio de Val do Dubra (provincia de A Coruña), localizado a uns 25 km de Santiago de Compostela e 25 km de Carballo.

A nivel sociolingüístico, a lingua predominante nos alumnos e alumnas que cursan estudos en ambos centros é o galego, sen descoidar o dominio aceptábel do castelán pola meirande parte do alumnado.

3. NECESIDADES DO CENTRO:

Ámbolos dous centros, actualmente conta cun gran número de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (acneae), que fai alusión ó alumnado que necesita unha atención diferente á ordinaria por presentar nee, retraso madurativo, trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades, por incorporarse tarde ao sistema educativo español ou por condicións persoais e ou historia escolar.

Neste centro cóntase con diferentes patoloxías, unhas evolutivas e outras permanentes. As dificultades existentes nos centros, son tanto a nivel oral (fala, linguaxe, voz) como escrito.

Por este motivo o acneae dos dous centros con intervención en Audición e Linguaxe estará baseado na previsión realizada no curso pasado polo departamento de orientación, nos informes finais de cada alumno, na avaliación inicial que se realizará nas primeiras semanas do curso e así mesmo en base ao meu horario de estancia nos centros, que como dixen anteriormente, e considero resaltar, é insuficiente.

4. VINCULACIÓN DOS OBXECTIVOS COAS COMPETENCIAS CLAVE

O obxectivo xeral do presente Plan de Apoio é que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas potencialidades no que se refire a valores, habilidades e coñecementos nun clima de integración, respecto e compromiso. A consecución deste obxectivo xeral engloba a toda a Comunidade Educativa e especialmente ao profesorado de apoio ao alumnado con NEAE.

Os obxectivos que se propoñen a continuación teñen en conta a pluralidade e as peculiaridades de poboación escolar que acode ao centro, na que a finalidade buscada é darlle resposta ás necesidades que presentan; xa que logo, propoñemos unha serie de obxectivos a nivel de centro, ao contexto e de alumnado en xeral:

CENTRO

- ✘ Colaborar e asesorar ao profesorado na toma de decisións respecto das programacións curriculares que favorezan a atención dos acneaes.
- ✘ Conseguir a implicación do profesorado e favorecer a coordinación e participación en proxectos e actuacións.
- ✘ Orientar na adaptación e elaboración de recursos e materiais didácticos adaptados e específicos.
- ✘ Coordinar cos titores e mestres especialistas para as actuacións coas familias dos acneaes.

CONTEXTO

- ✘ Coordinar actuacións e recursos con servizos e axentes externos (equipos de orientación, centros de saúde, servizos sociais, asociacións específicas, aatt...).
- ✘ Fortalecer as vías de comunicación e participación cos pais ou titores dos acneaes para a toma de decisións no centro educativo.
- ✘ Fomentar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos na detección, prevención, intervención e seguimento.
- ✘ Contribuír para que familias perciban a escola como un lugar onde se lles facilita a súa inclusión, valóraselles e ofrécenselles canles para a súa participación.

ALUMNADO

En Educación **Infantil** poden ser entre outros:

- ✘ Participar activamente nas conversas na aula.
- ✘ Expresar con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
- ✘ Incorporar ao seu vocabulario as palabras novas.
- ✘ Manter unha actitude de escoita e respecto cara ao resto de persoas.
- ✘ Respetar as quendas de palabras.
- ✘ Utilizar estruturas afirmativas, negativas, interrogativas... correctamente e coa entoación adecuada.
- ✘ Estruturar ben as frases concordando singular/plural
- ✘ Ter unha linguaxe fluída.

- ✘ Comprender mensaxes orais.

En Educación **Primaria** temos entre outros:

- ✘ Comprender e expresarse oralmente e por escrito de maneira adecuada nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- ✘ Utilizar a lingua oral de maneira adecuada nas actividades sociais e culturais adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ✘ Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- ✘ Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.

A adquisición dos obxectivos citados anteriormente permiten o desenvolvemento das competencias clave entendendo por estas “A capacidade para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.”

5. COMPETENCIAS CLAVE

Os obxectivos que se plantexan na Programación das Sesións de Apoio contribúen de maneira directa e clara á consecución da **competencia en comunicación lingüística**, especialmente ao Bloques nº 1, 2, 3 e 6. De maneira indirecta, nalgúns sesións vanse traballar tamén as seguintes competencias básicas:

Competencia plurilingüe: O noso alumnado traballará nas sesións tanto en Galego como en Castelán así como se fose necesario, en algunha situación introducir algunha seña da LSE.

Competencia cidadá: cando nas sesións de apoio se realicen actividades cooperativas e grupais e cada alumno participe nelas aportando o seu traballo, opinión e esforzo. Cando o traballo do ámbito pragmático da linguaxe ofrece ao neno unha ferramenta social que lle permite interatuar mellor; cando o neno aprende a respectar e utilizar normas de comunicación: prestar atención, escoitar aos demais, pedir e respectar a quenda e tempo de intervención, aprender normas de cortesía como os saúdos e despedidas, agradecementos,

formas de pedir desculpas o pedir as cousas, etc. Cando favorecemos a comunicación do neno co mundo.

Competencia dixital: cando a metodoloxía elixida ou a principal ferramenta de traballo sexa o ordenador persoal e o uso de software educativo interactivo. Cada vez é maior o número de recursos logopédicos e de tipo educativo que Internet pon en mans dos mestres de audición e linguaxe para traballar no apoio: xogos interactivos, fichas de traballo, imaxes, música de relaxación, sons para traballar discriminación auditiva, paneis de comunicación, etc. O neno ao traballar con estes recursos está adquirindo algunhas capacidades como o uso do rato, conexión e desconexión de periféricos, arrastre de imaxes, utilización da impresora para editar fichas, etc. Pretendemos que o neno faga un uso crítico das novas tecnoloxías e que progresivamente alcance autonomía na busca de información, e na utilización do ordenador como unha ferramenta de aprendizaxe.

Competencia emocional: o progreso na adquisición da competencia lingüística contribúe ao auto concepto e desenvolvemento da autoestima do neno. Cada paso dado con esforzo, cada logro, mellora a visión que o neno ten de sí mesmo e das súas capacidades. Nas sesións educaremos aos nenos cara o autocontrol na expresión das emocións e a capacidade para expresar os seus sentimentos con respecto cara os demais.

Competencia matemática, en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría: Na estimulación do vocabulario, sempre que traballemos conceptos de espazo e tempo que axudan ao alumno a organizar o seu pensamento e a expresarse con maior precisión, estaremos propiciando a adquisición desta competencia.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender: Traballamos a adquisición desta competencia sempre que invitamos aos nosos alumnos, na sesión de apoio logopédico, a revisar os seus propios traballos, autoavaliarse, valorando de forma realista escolar, as súas capacidades, o esforzo desenvolvido na sesión, e os resultados obtidos. Cando se autoaválían, os alumnos aprenden dos seus propios erros, extraen conclusións e valoran as súas posibilidades de mellora.

Competencia en conciencia e expresión cultural: Os nosos alumnos traballan esta competencia nas sesións de apoio sempre que facemos uso de manifestacións culturais como os contos, cancións, músicas, retahílas, refráns e poemas e potenciamos o valor da presentación dos escritos.

6. ACTIVIDADES:

A actividades levadas a cabo centrarase basicamente na intervención ou tratamento directo e indirecto; individual e/ou en pequeno grupo, dado o alto número de casos que precisan dunha labor rehabilitadora. Algunha destas actividades, estarán relacionadas i enmarcadas coa festividade/homenaxe que se celebre no centro (samáin, magosto, letras galegas...)

7. METODOLOXÍA:

A intervención debe facerse sempre nun clima de confianza, a xeito de xogo, estimulando a espontaneidade e motivando ó alumno, para que poña interese na execución das tarefas.

A motivación será fundamental para que o alumno teña unha actitude positiva cara ao traballo e desexo de mellora, condicións fundamentais para que a rehabilitación sexa exitosa.

Resaltaranse os logros dos alumnos e nunca se lle ofrecerá unha imaxe negativa.

Haberá que ter en conta que o tempo da recuperación non é o mesmo para todos, en moitos casos os problemas serán transitorios e noutros permanentes.

Levarase a cabo unha metodoloxía globalizadora baseada nos intereses dos alumnos, intentando que as aprendizaxes sexan o máis significativas posibles á vez que funcionais. Para iso serán moi importantes as estratexias de imitación e modelado.

A maior parte das actividades terán un carácter manipulativo, oral e gráfico, empregando tódolos recursos dispoñibles.

Para que o traballo sexa efectivo e os seus resultados positivos, é necesario unha estreita colaboración e coordinación coa familia e outros profesionais que traballan co alumno; para iso, realizaremos reunións e entrevistas periódicas, procurando desenvolver unha labor educativa coordinada ca familia, cas profesoras titoras e o equipo de nivel, cos que poidan incidir tamén nestes nenos/as, e co departamento de Orientación.

Dende casa, a familia realizará unha serie de actividades e seguirá unhas orientacións, que reforzarán o traballo realizado na aula.

Na aula manterase un clima de traballo no que destaca:

1.-Un ambiente relaxado e agradable, mediante:

- Unha programación diaria flexible e aberta aos seus estados emocionais, nivel de fatiga, etc.
- Cambios frecuentes de actividade que faciliten combinar actividades lúdicas e relaxadas con outras que esixan un maior nivel de atención e esforzo mental.
- A adecuación das actividades á capacidade e ritmo individual dos alumnos.

- A existencia de momentos que permitan a expresión dos seus sentimentos e vivencias.

2.- Un adecuado **nivel de esixencia**:

- As tarefas que se inician hai que terminalas.
- Reflexión acerca da secuencia de aprendizaxe realizada.
- Secuenciación de actividades variadas, aumentando o grao de dificultade.
- Adquirir hábitos e actitudes de orde e limpeza nos traballos.

Seguindo a **Gallardo e Gallego** (1993), seguiranse basicamente estes dous modelos:

Modelo condutual: empregárase co obxectivo de obter condutas de atención, imitación guiada pola mestra, seguimento visual de estímulos e emparellamento dos mimos, etc.

Modelo lingüístico: este modelo empregárase para o desenvolvemento das diferentes dimensións da linguaxe que poden verse afectadas no noso alumnado.

Seguindo a estes autores, esta intervención pode realizarse desde varios **ámbitos**:

Intervención estimuladora e intervención correctora: para desenvolver actividades específicas individualmente ou en pequenos grupos. Neste caso sería unha *intervención directa*. Principalmente levarase a cabo na aula ordinaria e na aula de apoio, co obxectivo específico de traballar nun ambiente máis relaxado e sen ruídos.

8. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN:

Tendo en conta que se vai traballar con alumnos con n.e.a.e. basearémonos nuns principios básicos:

1. Utilizar técnicas de intervención multisensoriais.
2. A realización de actividades " funcionais " para fomentar aprendizaxe significativa e asegurar a súa xeneralización.
3. Participar sempre dos coñecementos previos e das posibilidades dos alumnos intentando á súa vez potenciar o esforzo e a constancia.
4. A realización das distintas actividades deberán ser motivantes para todos os alumnos en xeral e así mellorar a súa predisposición para cumprir os obxectivos marcados.

5. Coordinación con todos os profesionais que incidan na educación do alumno: pais, orientador/a, titores, profesora de P.T., compensatoria, etc. Para recibir información de distintas fontes, traballar nunha liña o máis común posible e asegurar a participación da familia como forma de avanzar nas aprendizaxes.

Usaremos as seguintes **estratexias comunicativas**:

- Non centrarnos na continua corrección formal de aspectos expresivos, considerar como fin último a comunicación
- Traballar primeiro os contidos que teñan unha maior utilidade inmediata para ou alumno (aprendizaxes significativos)
- Desenvolver diferentes tipos de actividades para traballar un mesmo obxectivo.
- Realizar actividades curtas e repetidas.
- Establecer reforzos para cada actividade.
- Simplificar os enunciados.
- Axudarnos de todas ás funcións da linguaxe.
- Darlle tempo para expresar.
- Dar oportunidades para ampliar o uso da linguaxe.
- Facer preguntas abertas que posibiliten respostas varias.
- Utilizar todo tipo de representacións visuais que apoiem a linguaxe.
- Procurar conversacións dentro das rutinas diarias, repetitivas e ricas en claves contextuais.
- Relantizar o ritmo da fala e empregar xestos para acompañar a palabra.
- Axustar ás nosas respostas en función do desenvolvemento comunicativo.

Ás **técnicas** empregadas na intervención son:

- Encadeamento cara adiante e cara atrás.
- Imitación inmediata.
- Aprendizaxe dirixido.
- Ensaio discretos modelando a conduta lingüística por medio de sucesivos ensaios.
- Espera estruturada ofrecéndolle axuda cada vez máis tarde.
- Dramatización.
- Ensino incidental dando importancia a todas ás emisións do neno e facendo que a sesión xire en torno a elas.

- Feed-back correctivo.
- A indución dándolle pistas.
- O modelado.
- O pensamento en voz alta.

9. RECURSOS MATERIAIS:

A presenza na escola ordinaria de acneae supón unha modificación na dotación de recursos, que sempre deben ser escollidos segundo os principios de normalización e inclusión. Atopar a resposta educativa máis adecuada a cada alumno, significa buscar solucións que permitan axustar a resposta educativa as necesidades dos alumnos.

Entre os recursos materiais están as instalacións do centro, os medios técnicos (audiovisuais, informáticos, curriculares...) e os materiais de posible uso didáctico. O máis importante é que os materiais sexan axeitados á idade do alumno desde o punto de vista físico e psicolóxico.

Especial importancia teñen a utilización das novas tecnoloxías, sendo o recurso estrela o ordenador. Será importante utilizar programas axeitados a capacidade de cada un, que expoñan retos alcanzables, que teñan unha dificultade graduada en diferentes niveis para manter a atención e que sexan atractivos para o alumno.

Para axustar a aprendizaxe ás n.e.a.e., é necesario dispor dun material de apoio específico, que permita progresar na superación das dificultades, e que estará directamente relacionados coas necesidades que deriven dun determinado déficit.

Así clasificamos os recursos atendendo á área que traballan:


AREAS	MATERIAIS
Lectura e escritura	Tanto para desenvolver as habilidades previas á lectoescritura como para traballar a lectoescritura en si (adaptador de lápiz, letras manipulables, dominós de letras e palabras, contos, periódicos, cancións, lápices, láminas e tarxetas, camiños de preescritura...) Manuais de Monfort e Juarez ou inclusive de Jesús Jarque.
Discriminación auditiva	contos con sons, instrumentos musicais, discos con sons, xogos para a discriminación de sons, SEDEA
Respiración e soplo	velas, algodóns, vaselina, palliñas, plumas, pelotas de pin pon, silvatos, globos, pompas de xabón, ...
Praxias	un espello, depresores, contos integrados, cepillo de dentes eléctrico...
Dimensión da linguaxe	<p>Forma: tarxetas con debuxos, tarxetas con palabras ecoicas, letras manipulables, láminas con debuxos que representan sucesos de orde lóxico para relacións causais, láminas espacio-temporais, lotos fonéticos, Fonodil, “Enseñame a hablar “ ...</p> <p>Contido: láminas para describir e que os demais adiviñen, libros de adiviñanzas, xogos para construír familias de palabras, xogos como o escrable, o aforcado, barallas semánticas, “Vocabulario en imágenes”...</p> <p>Uso: contos, cómics, tiras cómicas, periódicos, revistas, marionetas, títeres, disfraces...</p>
Webgrafía	<p>www.orientacionandujar.com, www.maestrosdeaudicionylenguaje.com, www.mimamalogopeda.com, www.elsonidodelahierbaalcrecer.com, www.activitea.com...</p>

10. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización será orientativa xa que debemos ter en conta variables que non podemos controlar e que van interferir en maior ou menor medida no tempo estimado, variables circunstanciais como a combinación de horarios de diferentes profesionais que inciden nos alumnos, a dispoñibilidade de espazos, e os avances ou retrocesos do alumnado. A maiores, é preciso incidir que a miña praza ten carácter itinerante, o que provoca que os horarios hai que amoldalos en función do día de asistencia a cada centro, tal e como indiquei anteriormente.

Algunhas sesións serán individuais e outras en pequeno grupo, éstas oscilarán entre 25 minutos ou 50 minutos.

Por último, destacar que a miña tarefa e dedicación ao centro queda supeditada a novas necesidades que xurdan durante o curso, o que sucede con frecuencia. As actuacións que levarei a cabo serán fundamentalmente as seguintes:



11. AVALIACIÓN.

Partirase dunha avaliación inicial que se irá perfilando ca avaliación continua e axustándose en función do proceso de ensino-aprendizaxe, por medio da observación sistemática, probas estandarizadas e das diferentes rúbricas.

Así como probas estandarizadas contamos con probas como o prolec, proesc, dst-j para avaliar a lectoescritura; e o plon, rfi, tsa, bloc, ela, peabody, boehm para avaliar a linguaxe oral nos seus tres compoñentes (forma, contido e uso) entre outras.

Por medio da observación sistemática avaliaremos a anatomía bucal e facial do alumno con dificultades relacionadas coa linguaxe oral, fala e voz. Para iso utilizaremos depresores, guantes de latex, xiringuillas, espellos, velas... Tamén levarei un rexistro do progreso do alumnado ao longo de cada trimestre.

Ao rematar cada trimestre completaranse as diferentes rúbricas referidas a cada aspecto traballado. En base a estes resultados realizarase o informe final de cada alumno, ben sexa a final de curso, ou se fose o caso no seu informe de alta de AL.

Non obstante, é preciso enmarcar que todas as avaliación ampliaranse tamén a varios contextos, tanto familiar como educativo, polo que será importante atender ás reunións periódicas que se realizarán por parte de todos os recursos persoais que traballan co alumnado e poder así lograr uns criterios de actuación consensuados (familias, especialistas externos ao centro...)

Ao remate do curso realizarei unha Memoria do Plan de Apoio, tendo en conta a consecución ou non dos obxectivos propostos, que se incluírá dentro da Memoria do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación e esta, a súa vez, pasará a formar parte da Memoria Anual do Centro.

12. LEXISLACIÓN A TER EN CONTA.

Leis

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a L.2/2006 do 3 de maio
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e supresión de barreiras na CAG.

Decretos do currículo

- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa da avaliación de EP, ESO e Bacharelato., do SEG.

Admisión do alumnado

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na LOE.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos.

Regulamento orgánico.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Orientación educativa.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en la CAG.
- Orden do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CAG polo Decreto 120/1998.
- Resolución do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se dictan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.

Atención a diversidade

- Decreto 229/2011, del 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG nos que se imparten ensinanzas establecidas na LOE.
- Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o D.229/2011 do 7 de decembro.

Outros

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na CAG.
- Real Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro de 2000, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na CAG.
- Decreto 74/2011, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da CAG.
- Orde do 3 de maio de 2023 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, del 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa na materia de convivencia escolar.
- Decreto 79/2010 do 24 de maio polo que se regula o plurilingüísimo da ensinanza non obrigatoria de Galiza.

Mestra Especialista en Audición e Linguaxe

Cristina Sanín Míguez

PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	39
2.- LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN.....	39
3.- NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO CON NEAE E NEE	40
4.- OBXECTIVOS.....	41
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS	41
5.- OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS.....	41
6.- CONTIDOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS.....	42
7.- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS.....	42
8.- OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS.....	44
9. CONTIDOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS.....	44
10.- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º CURSOS	44
11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON RESPECTO ÁS COMPETENCIAS CLAVE	46
12.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	46
13.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	46
14.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	47
15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	48
16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	48
17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA	48
18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	49
19.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	49
20.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN....	49

1.- INTRODUCCIÓN

A programación de Pedagogía Terapéutica para este curso 2023/2024, elaborámola considerándoa como un documento base que sirva de guía e orientación educativa no proceso de Ensino-Aprendizaxe para o alumnado con NEAE e NEE deste centro. Contará coa flexibilidade que se precise para poder adaptala a dito proceso.

A planificación desta programación, susténtase no estudo e análise das necesidades educativas que presenta o alumnado con NEAE e NEE. Na maioría dos casos, están orixinadas por unha situación económica e sociocultural desfavorecida, agás algún caso, que son producidas por retrasos madurativos e desfases curriculares debidos ao ser procedentes doutros países.

O alumnado obxecto desta programación, está escolarizado na etapa de Educación Primaria, desde 1º ata 6º.

2.- LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

Desde a nosa posición de mestres de Pedagogía Terapéutica, participaremos e interviremos nos diferentes niveis da comunidade educativa, para conseguir un proceso de ensino-aprendizaxe máis acorde coas necesidades dos alumnos/as.

a) Nivel de centro:

A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, elaboraremos as directrices básicas da organización do proceso educativo con carácter xeral, así como as diferentes medidas de atención á diversidade (entre elas, o Reforzo Educativo e as ACs) para aquel alumnado con NEAE e NEE que así o requira.

Como membros do departamento de orientación, informaremos e asesoraremos á comunidade docente de necesidades educativas xa existentes e das que poidan xurdir. Así, poderán desenvolverse actuacións educativas axeitadas a ditas necesidades.

b) Apoio ao profesorado:

Asesoraremos e colaboraremos na organización da atención educativa do alumnado con NEAE e NEE, obxecto de apoio educativo nas medidas de atención á diversidade, de reforzo educativo e ACs. Tamén interviremos na elaboración, adaptación e desenvolvemento das Programacións Didácticas.

Organizamos o apoio educativo no que se refire a distribución horaria, uso de espazos, liñas e estratexias metodolóxicas, selección e aporte de recursos didácticos axeitados para o desenvolvemento das tarefas.

Levaremos a cabo unha coordinación estreita cos titores/as e con todo o profesorado que incida no proceso de ensino-aprendizaxe destes alumnos/as. Participaremos nas xuntas de avaliación aportando e recollendo e aportando información sobre a evolución educativa e desta maneira, faremos as modificacións oportunas en calquera dos elementos das programacións e ACs que así o precise.

c) Apoio ás familias:

Fomentaremos a participación das familias no desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as informándoas das necesidades que presentan e do proxecto educativo que pretendemos levar a cabo con eles/as. Asesorarémolles dando as orientacións oportunas para que poidan participar activamente na súa educación.

d) Apoio ao alumnado:

Coñeceremos detalladamente as súas necesidades educativas para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe (reforzo educativo ou ACs).

Participaremos na elaboración das respostas educativas da aula ordinaria.

Realizaremos as intervencións nas áreas instrumentais preferentemente, tomando como referente as programacións de aula, reforzando contidos ante os que o alumnado presente algún tipo de dificultade e, acadar e afianzar outros de cursos anteriores. No caso dos alumnos/as con ACs, traballaremos e faremos o seguimento dos contidos programados nelas. O horario para desenvolver a intervención basearase no establecido para as áreas instrumentais dentro da aula ordinaria.

O espazo onde levaremos a cabo esta intervención, para este curso, será preferentemente na aula ordinaria, sempre que as necesidades educativas do alumnado o permitan.

Neste curso, a resposta educativa para estes alumnos/as, na súa maioría é de reforzo educativo, agás tres ACs en todas as áreas curriculares para tres alumnos/a de 3º, 4º e 5º de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe significativas.

3.- NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO CON NEAE E NEE

Os alumnos/as con NEAE e NEE deste curso 2023-2024, están escolarizados nos cursos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

Aínda que cada alumno ten unha casuística particular expoñemos, de forma xenérica, as necesidades educativas máis comúns a todos eles.

- Superación de lagoas de aprendizaxe existentes nas diferentes áreas curriculares.

- Unha aproximación, cada vez maior do proceso de ensinanza-aprendizaxe ao nivel curricular que lles corresponda.
- Uso de estratexias metodolóxicas individualizadas, adecuación e organización dos recursos didácticos, materiais e persoais.
- Conseguir unha maior colaboración das familias no desenvolvemento da tarefa escolar.

4.- OBXECTIVOS

Como consecuencia das necesidades educativas destes alumnos, facemos unha proposta de obxectivos xerais e outra máis específicos relacionados coas áreas curriculares nas que precisan atención educativa en consonancia cos establecidos na programación da aula.

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuír ao desenvolvemento integral dos alumnos: físico, afectivo-social e intelectual.
- Conseguir un desenvolvemento persoal e social axeitado que favoreza unha maior integración na sociedade
- Superar as lagoas de aprendizaxe existentes para acadar satisfactoriamente os obxectivos e as competencias básicas que lles corresponda por idade.
- Espertar o interese por aprender como actividade necesaria para facilitar a adquisición das aprendizaxes.
- Valorar positivamente o esforzo como recurso necesario para acadar unha boa formación persoal, escolar...
- Incentivar a participación familiar no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

5.- OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

1º) Coñecer e afianzar todos os fonemas da Lingua Galega e Castelá.

2º) Acadar unha entoación e velocidade lectora cada vez máis axeitada, que lles facilite a comprensión de textos acordes á súa idade.

3º) Expor oralmente as súas ideas, relatos, etc. cada vez máis estruturados, esforzándose na correcta articulación nos fonemas e das palabras, para ser comprendidos polos demais.

4º) Escribir todos os fonemas coidando a súa grafía, así como a combinación entre eles para formar palabras e pequenos textos.

5º) Usar correctamente a escrita nas diversas manifestacións (copia, ditado, espontánea, etc.) con orde e limpeza.

6º) Practicar a lectura comprensiva como medio de mellora da súa mecánica, aumento de vocabulario e recollida de información para desenvolverse axeitadamente en todas as áreas curriculares e nas diferentes situación da vida cotiá.

7º) Utilizar a expresión oral e escrita como ferramenta de comunicación cos demais e mesmo como axuda e afianzamento das aprendizaxes a adquirir.

8º) Desenvolver a escritura correctamente evitando erros disgráficos, ortográficos, separacións e unións indebidas, substitucións, inversións...

9º) Acadar de forma progresiva os contidos e conceptos das linguas propias do nivel.

6.- CONTIDOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

- Lectura e escritura.
- Expresión oral e escrita.
- Vocabulario.
- Ortografía.
- Gramática.

7.- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA: LINGUAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

A continuación, expoñeranse unha serie de desenvolvementos para levar a cabo actividades tipo xenéricas que serán graduais para os distintos cursos.

Obxectivo 5.1:

- Repaso da grafía dos diferentes fonemas en distintos soportes (en papel, lixa, encerado, etc.).
- Buscar os fonemas e rodealos en palabras dadas.
- Escribir os fonemas e completar palabras.
- Escribir os fonemas combinándoos coas vogais para formar palabras e compoñer textos sinxelos.

Obxectivo 5.2:

- escoita atenta de relatos curtos e sinxelos e lectura dos mesmos.
- Lecturas de textos en voz alta.

- escoita de gravacións de lecturas feitas.
- Resposta a cuestións relacionadas coas lecturas.

Obxectivo 5.3:

- Narración ordenada no tempo de feitos realizados no día previo, no mesmo día, algo interesante que lles ocorrera en xeral, etc. coidando a pronunciación correcta das palabras.
- Xogo de adiviñas, trabalinguas, etc.

Obxectivo 5.4:

- Escritura do abecedario cos fonemas que se van aprendendo coa direccionalidade e o trazo axeitados.
- Formación de palabras asociando os nomes aos debuxos en lotos, dominós, etc.
- Busca do teclado do ordenador os fonemas, escribilos illados en palabras, pequenos textos, etc.

Obxectivo 5.5.:

- Escribir textos dadas unhas imaxes.
- Facer ditados fixándose na pronunciación e escritura das palabras.
- Escribir notas, mensaxes para comunicarse para os compañeiros/as, pais e nais, etc.

Obxectivo 5.6.:

- Realización de lecturas seleccionadas propias de cada área curricular en todas as manifestacións (voz alta, silenciosa...) para mellorar o ritmo, velocidade, entoación e facilitar a comprensión dos contidos presentes nelas.

Obxectivo 5.7.:

- Creación de situacións na que se teñan que expresar oralmente (exposición de opinións, presentación de ideas, relatos, crítica construtiva...).

Obxectivo 5.8.:

- Uso da escrita en todas as manifestacións (copia, ditado, espontánea...) e como vehículo de resposta nos contidos das áreas curriculares.

Obxectivo 5.9.:

- Selección, priorización e adaptación das actividades do currículo.

8.- OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

- 1º) Afianzar conceptos básicos lóxico-matemáticos.
- 2º) Afianzar e dominar os números naturais na súa composición, descomposición, ordenación e aproximación, de acordo cos contidos propios de cada curso.
- 3º) Comprender os conceptos de suma, resta, multiplicación e división.
- 4º) Executar con habilidade as operacións básicas cos números naturais (suma, resta, multiplicación e división) e aplicarlas a resolución de problemas da vida cotiá.
- 5º) Usar axeitadamente as operacións básicas precisas para a resolución dos problemas relacionados coa vida diaria.
- 6º) Coñecer e usar os números decimais ata a milésima.
- 7º) Adquirir e afianzar o concepto das fraccións e aplicarlas á resolución de problemas.
- 8º) Afianzar e dominar as diferentes unidades de medidas de tempo.
- 9º) Afianzar e dominar as medidas de capacidade, masa, lonxitude e superficie.
- 10º) Aplicar estas medidas á resolución de problemas.

9. CONTIDOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

- Conceptos básicos lóxico-matemáticos
- Coñecemento e uso dos números naturais.
- Coñecemento e uso dos números decimais.
- Coñecemento e uso dos números fraccionarios.
- Operacións básicas.
- Uso das medidas: tempo, masa, capacidade, lonxitude e superficie.
- Resolución de problemas.

10.- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA: MATEMÁTICAS 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS

Obxectivo 8.1:

- Utilizar axeitadamente os conceptos básicos de orientación espacio-temporal, cantidade...

Obxectivo 8.2:

- Ubicar e coñecer as diferentes ordes e unidades ata chegar á centena de millar de millón. Observación e estudo do valor posicional de cada cifra expresadas en unidades.
- Escritura de series ascendentes e descendentes.
- Lectura, escritura, composición e descomposición dos números naturais ata a centena de millar de millón.

Obxectivo 8.3:

- Experimentación con material descontinuo para afianzar a suma, a resta, a multiplicación e división.
- Traballo da mecánica das mesmas en todas as súas variantes (con e sen levadas) e as súas propiedades.

Obxectivo 8.4 :

- Aplicación das operacións segundo corresponda a resolución de problemas.

*Para o traballo dos números decimais propoñemos actividades semellantes coas adaptacións oportunas a cada caso.

Obxectivo 8.5 e 8.6 :

- Selección, priorización e adaptación das actividades propias do currículo.

Obxectivo 8.7:

- Facer particións dunha unidade (diferentes materiais) en partes iguais, tomar partes e representalas para un número fraccional.
- Comparación das fraccións con respecto á unidade e busca de outras equivalentes.
- Resolución de operacións de suma e resta coas fraccións.

Obxectivo 8.8:

- Manexo dos diferentes instrumentos de medición de tempo (reloxo, cronómetro, calendario...) percibindo o paso do tempo segundo as actividades que se poidan realizar en cada medida e seguidamente facer equivalencias para acadar a capacidade de pasar dunhas medidas a outras eficazmente e podelas aplicar cando corresponda.

Obxectivo 8.9:

- Iniciarse nas medidas (lonxitude, masa, capacidade...) de forma experimental.
- Facer medicións coas diferentes unidades de medida.
- Elaboración das unidades de medida do sistema métrico.

- Traballo coas equivalencias.

Obxectivo 8.10:

- Aplicar o aprendido a resolución de problemas máis usuais.

11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON RESPECTO ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Os criterios de avaliación a seguir co alumnado con NEAE e NEE serán os mesmos cos contemplados para o resto dos compañeiros de curso nas programacións de aula, agás para o alumnado con ACs, nos que os criterios de avaliación rexeranse polos establecidos nelas.

12.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Neste apartado, e de acordo coas NEAE e NEE diagnosticadas nos informes psicopedagóxicos e mesmo nos individualizados de avaliación, organizamos as medidas de atención á diversidade, neste caso de reforzo educativo e de ACs.

Para a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, facemos unha avaliación inicial tomando como referencia os criterios establecidos con carácter xeral, ademais de aspectos específicos a ter en conta para cada alumno con NEAE e NEE.

No desenvolvemento do proceso educativo faremos unha avaliación continua da tarefa diaria (observación directa da mesma, revisión da súa produción tanto escrita como oral, así como a realización de actividades específicas acordadas cos obxectivos e contidos a conseguir en cada momento).

Por último, ao remate do curso, faremos unha avaliación final, na que analizaremos o grao de superación das dificultades de aprendizaxe amosadas, avaliando desde o punto de partida do alumno ao principio de curso e o seu desenvolvemento ao longo do mesmo, para rematar coa valoración final, o que se reflectirá, no seu informe individualizado de avaliación, así como nos informes do profesorado de apoio educativo, a seguinte información:

- Datos do alumno/a.
- Datos das medidas de apoio e descrición das mesmas, a súa valoración e as previsións para cada alumno das medidas de atención á diversidade máis axeitadas para o vindeiro curso.
- Ademais das medidas de atención á diversidade de RE, contéplase para este curso escolar a elaboración tres ACs en

case todas as áreas do currículo para unha alumna de 3º, un alumno de 4º e un alumno de 5º de Educación Primaria.

13.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Para levar a cabo a avaliación inicial, recollemos a información das características persoais e educativas dos informes de avaliación psicopedagóxica, informes individualizados de avaliación das competencias curriculares, informes do profesorado de apoio PT e AI, entrevistas cos mestres titores e todos os profesionais que incidiron no desenvolvemento no proceso de ensinanza, ademais do seu entorno familiar, mediante entrevistas orais, cuestionarios...

O nivel de competencia curricular, ademais do reflectido nos informes citados, valorarase a través dunha proposta de actividades variadas naquelas áreas obxecto de reforzo educativo.

14.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O desenvolvemento do labor docente organízase en torno á medida de atención á diversidade de reforzo educativo e nalgúns casos ACs, de acordo coas características específicas, tanto persoais como escolares destes alumnos/as.

Tendo en conta o horario de apoio establecido e o curso escolar no que se atopan, comézase a intervención dentro da aula ordinaria.

Para o inicio da intervención fixémonos nos resultados da avaliación inicial realizada, para enfocala e organizala axeitadamente tomando como referente a programación de aula en canto a consecución de obxectivos e contidos propostos, traballando aquelas aprendizaxes básicas non acadados, así como reforzar aquelas que non están ben afianzadas, priorizamos, secuenciamos e, mesmo eliminamos contidos (caso ACs). Faise tamén unha proposta de actividades adaptadas (seleccionadas, graduadas, variadas, experienciais...) que respondan aos mesmos.

Poñerémolas en práctica, atendendo a uns criterios metodolóxicos que reporten aprendizaxes significativas (individualización da ensinanza, partir de aprendizaxes previos, dar a posibilidade de experimentar e descubrir por si mesmos), facerlles ver a importancia do esforzo persoal para conseguir o que queren e teñen que aprender.

Para conseguir a superación das dificultades de aprendizaxe e acadar o nivel de competencia curricular que lle corresponda ademais dos aspectos que vimos sinalando, procuramos organizar os espazos onde traballar e ter

dispoñibilidade e preparación dos recursos didácticos precisos en cada momento.

Para que o noso labor educativo sexa máis eficaz e tal e como se recolle na PXA e nos Proxectos Curriculares e Educativos de Centro, a directrices da CCP, os acordos establecidos nos cursos, faise especial fincapé na necesidade dunha estreita coordinación e colaboración entre os mestres, DO e outros profesionais que participan dunha maneira ou outra na educación dos alumnos, e non de menor importancia a fluída relación coa familia.

15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Desde a actuación como mestra especialista en PT, contribuiremos ao desenvolvemento deste proxecto, participando en cada momento co grupo de alumnos con NEAE e NEE que corresponda no horario de intervención establecido.

Participarase de forma indirecta seleccionando libros de lectura adaptados, elaboración de fichas de recollida de información sobre libros lidos...

De forma directa, participando da lectura e actividades que se desprenden do libro que se está ler.

16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

As tecnoloxías da información inciden cada vez máis de maneira determinante na vida das persoas, polo que é necesario que na escola as poñamos en uso e as practiquemos a miúdo, desta maneira, atendendo ao exposto no plan TIC do centro, participarei cos grupos onde están escolarizados os alumnos con NEAE e NEE no uso das mesmas, seguindo as actividades que se desenvolvan co resto dos compañeiros coas adaptacións oportunas.

17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Contribuirei ao desenvolvemento deste plan traballando entre outros aspectos:

- Recordar as normas comúns.
- Procurar a resolución pacífica de conflitos.
- Valoración dos conflitos e da convivencia.
- Custodiar as entradas e saídas das clases e do centro, así como nas horas de lecer.
- Uso respectuoso da linguaxe.

- Procurar un trato adecuado do material e instalacións.

18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O proxecto lingüístico, nace coa idea de acadar entre outros, un obxectivo, conseguir que o alumno posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua materna.

Polo tanto traballaremos as dúas linguas de forma oportuna, atendendo á dinámica das clases.

19.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos utilizados cos alumnos con NEAE e NEE serán todos aqueles utilizados na aula ordinaria, ao igual que os seus compañeiros/as, ademais de recursos didácticos máis específicos e axeitados para o desenvolvemento daquelas actividades nas que presenten dificultades.

20.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

En función dos resultados que vai acadando o alumnado, servirá de punto de partida para avaliar a nosa labor docente, que nos levará a facer se é preciso as modificacións oportunas nos diferentes aspectos da programación didáctica (priorización de contidos, proposta de actividades, adaptación de metodoloxía...)

En definitiva, como xa se citou noutros apartados da presente programación, este é un documento xenérico que serve de guía para desenvolver o noso labor educativo, que se verá complementado cos contidos e as tarefas recollidas nas programacións de aula. Para isto, estaremos debidamente coordinados cos titores/as para realizar a tarefa escolar diaria do grupo-clase sen esquecer afianzar aprendizaxes de cursos anteriores non acadados.

A especialista en P.T.,

M^a Isabel Mato Platas